



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura

Modificación das bases das bolsas para o estudo do inglés en Irlanda do ano 2026

ANUNCIO

Mediante resolución da presidencia número 868 do 14 de xaneiro de 2026 aprobase modificar a resolución de Presidencia 57457 de 2 de decembro de 2025 pola que se dispón avocar a aprobación das bases reguladoras das Bolsas para o estudo de inglés en Irlanda do ano 2026 e aprobar as ditas bases, no sentido seguinte:

ONDE DI

Base 4. Dotación .../... O importe de cada bolsa ascende ao valor económico da praza correspondente no contrato de xestión, cun prezo máximo de 5.331,27 € por persoa, que se axustará ao importe finalmente adjudicado no procedemento de contratación

DEBE DICIR

Base 4. Dotación .../... O importe de cada bolsa ascende ao valor económico da praza correspondente no contrato de xestión, cun prezo máximo de 6.450,84 € por persoa, que se axustará ao importe finalmente adjudicado no procedemento de contratación.

Polo tanto o texto definitivo das bases quedará como segue:

BASES REGULADORAS DAS BOLSAS PARA O ESTUDO DO INGLÉS EN IRLANDA DO ANO 2026

Base 1. Réxime xurídico

Para os casos non previstos nestas bases, será de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o seu regulamento aprobado por R.D. 887/2006
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

A presente convocatoria está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 7: "Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial", e ao seu obxectivo operativo 0.38 (promover a actividade cultural en todas as súas manifestacións), mediante o apoio ao perfeccionamento dos estudos lingüísticos do alumnado de 1º de bacharelato da provincia.

Base 2 . Obxecto, natureza xurídica, ámbito temporal e finalidade

2.1 Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é a concesión de 60 bolsas en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a financiar o gasto derivado da realización dunha estada de catro semanas na República de Irlanda para mellorar as competencias lingüísticas daquel alumnado de 1º de bacharelato escolarizado nun centro educativo sostido con fondos públicos (público ou concertado) e que resida nalgún concello da provincia da Coruña, agás os dos termos municipais da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol.

A xestión e organización das actividades levarase a cabo mediante unha empresa debidamente cualificada, contratada pola Deputación da Coruña. A realización do programa de bolsas para o estudo de inglés en Irlanda 2026 queda condicionada á adjudicación do procedemento de licitación polo que se seleccionará e contratará a dita empresa.

2.2 Natureza xurídica

Estas bolsas teñen a consideración de subvencións en especie, ao consistiren na posta á disposición das persoas beneficiarias dun servizo contratado pola Deputación (viaxe, estada e demais prestacións incluídas no programa), e están suxeitas á correspondente retención do IRPF, de acordo coa normativa tributaria vixente.

2.3 Ámbito temporal

A estada na República de Irlanda desenvolverase en xullo ou agosto de 2026. As datas concretas de realización do curso fixaranse na resolución de concesión definitiva.

2.4 Finalidade

A finalidade das bolsas é a mellora da formación lingüística en lingua inglesa das persoas destinatarias, completando e actualizando os seus niveis formativos

Base 3. Solicitantes

Poderá solicitar a participación neste programa e ser beneficiario/a destas axudas o alumnado de 1º de bacharelato escolarizado nun centro educativo sostido con fondos públicos (público ou concertado) e que resida nalgún concello da provincia da Coruña, agás os dos termos municipais da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol, sempre que cumpra cos seguintes requisitos:

- Residir e estar empadroadado/a co seu pai, nai ou titor/a legal, de ser o caso, nalgún concello da provincia da Coruña (excepto A Coruña, Santiago de Compostela ou Ferrol), cun tempo previo de empadramento mínimo dun ano ininterrompido inmediatamente anterior á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).
- Estar matriculado/a e cursando 1º de Bacharelato, nun centro educativo sostido con fondos públicos (público ou concertado) situado no termo da provincia da Coruña (excepto A Coruña, Santiago de Compostela ou Ferrol), no curso 2025-2026.
- Non ter ningunha materia suspensa no curso de 4º da ESO.
- Contar no curso de 4º da ESO cunha cualificación de 6 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira: idioma inglés.

Cada persoa interesada poderá presentar unha única solicitude.

Base 4. Dotación

As bolsas non implican en ningún caso o aboamento dunha contía económica directa ás persoas beneficiarias. A súa dotación consiste na cobertura do 100 % dos custos derivados da participación no programa de estudos de inglés en Irlanda, sen que as familias teñan que asumir ningún tipo de copagamento.

O importe de cada bolsa ascende ao valor económico da praza correspondente no contrato de xestión, cun prezo máximo de 6.450,84 € por persoa, que se axustará ao importe finalmente adjudicado no procedemento de contratación.

Para os efectos de reintegro, e no caso de incumprimento das condicións establecidas nas presentes bases, considerárase como importe da subvención a reintegrar o valor íntegro da praza asignada, correspondente ao prezo individual establecido no contrato.

O programa inclúe:

- a) Estadía na República de Irlanda durante o período correspondente a catro semanas, vivindo nunha residencia de estudantes.
- b) Curso preparatorio on-line, previo á estadía, de 10 horas de duración durante unha semana, no que se impartirán conceptos básicos para manexarse no día a día no país de destino.
- c) Xestión integral dos preparativos da viaxe e asistencia técnica ás familias.
- d) Viaxe e desprazamentos de ida e volta dende A Coruña até a poboación de destino.
- e) Transporte interior, aloxamento e manutención en réxime de pensión completa en residencia de estudantes.
- f) Asistencia a clases intensivas de inmersión lingüística durante un mínimo de 15 horas semanais. As clases serán impartidas por nativos ou persoal acreditado co C2 (MCERL).
- g) Desenvolvemento dun programa lectivo extraescolar e de ocio que incluírá actividades deportivas e culturais, así como unha visita semanal a un centro de interese histórico-cultural.
- h) Tutoría e atención integral ao alumnado participante desde a saída ata o regreso, con acompañamento de monitores.
- i) Seguimento e control por parte de persoal especializado (coordinador territorial) da vida do alumnado na residencia de estudantes, do seu comportamento e rendemento académico, así como da súa vida social.
- j) Seguro de accidentes de responsabilidade civil cun importe mínimo de 150.000 € por participante

Base 5. Incompatibilidades

As presentes bolsas son incompatíbeis:

- Coa obtención de calquera outra bolsa que poida concederse para o mesmo obxecto no mesmo ano da convocatoria por parte de calquera entidade ou persoa, pública ou privada.

A inexistencia da dita circunstancia declárase no momento da solicitude da bolsa, e calquera variación das circunstancias iniciais, deberá poñerse de inmediato en coñecemento da administración.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

6.1 Forma

As persoas interesadas en participar en cada convocatoria deberán presentar unha solicitude de xeito telemático no apartado específico da sede electrónica da Deputación da Coruña, SUBTEL. Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa.

O prazo de presentación de solicitudes abrirase coa publicación da convocatoria no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

6.2 Tramitación telemática

Polo que se refire ao tipo de tramitación, esta realizarase de maneira telemática, no apartado específico da sede electrónica da Deputación da Coruña, SUBTEL.

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

Non se permitirá a presentación de solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Dado que a tramitación será telemática:

- A persoa que presenta a solicitude deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións dirixiranse a ese enderezo. Excepcionalmente poderase, de forma xustificada, modificarse o enderezo inicial coa obriga de notificar a dita circunstancia á Deputación.
- A persoa que presenta a solicitude deberá dispoñer de certificado dixital.
- A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a solicitude.(no caso de nomeamento de persoa representante, este deberá vir asinado a maiores polo/a solicitante da bolsa)

Para o caso dos/as menores de idade a persoa solicitante será sempre o/a menor e a persoa representante será o pai, nai ou titor legal do menor, que se responsabilizará de todas as obrigas derivadas de que o seu fillo/a sexa titular/beneficiaria da bolsa.

6.3 Documentación da solicitude

1. Copia do DNI/NIE da persoa solicitante e de todas as persoas incluídas na unidade familiar, no caso de que non se autorice a consulta ou esta non sexa posible

2. Libro de familia completo ou documento equivalente expedido por un organismo oficial que acredite a filiación ou, no caso de existir outra relación coa persoa solicitante, a documentación xudicial ou administrativa que verifique o dito vínculo.

3. Certificado ou volante de empadramento con data actualizada e con expresión dunha antigüidade mínima ininterrompida dun ano antes da data da publicación no BOP das bases reguladoras, no caso de que non se autorice a consulta ou esta non sexa posible

4. Documentación relativa á unidade familiar nuclear da persoa solicitante.

A) Nos casos de custodias compartidas por sentenza xudicial: presentarase a copia da sentenza ou do convenio regulador aprobado xudicialmente.

B) Nos casos de custodias atribuídas ou exercidas por unha persoa proxenitora:

1. Existencia dunha única persoa proxenitora. Libro de familia completo acompañado, de ser o caso, certificado de defunción da outra persoa proxenitora.
2. Dúas persoas proxenitoras e unha delas ten atribuída en exclusiva a custodia da persoa solicitante. Presentarase copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente que verifique esta circunstancia e na que se establezan as medidas paterno-filiais, que en todo caso debe ser as máis recentes.
3. Situación de violencia de xénero acreditada por calquera dos medios do art.5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero. Neste caso deberá presentarse un documento en vigor dos sinalados no artigo da lei anterior ou ben expedido nos doce meses anteriores a data de presentación da solicitude da axuda.

5. Documentación relativa á situación económica da unidade familiar nuclear

- A) No caso de non autorizar na solicitude en liña a consulta dos datos tributarios, deberán achegarse as certificacións expedidas pola AEAT das declaracións de IRPF individuais de ambos proxenitores ou conxunta, correspondentes ao exercicio 2024, ou a certificación expedida pola AEAT acreditativa da situación de non ter a obriga de declarar, de ser o caso.
- B) Para os casos nos que non sexa posible a obtención de datos económicos para ambos ou algún dos proxenitores (non constar dado de alta no censo de contribuíntes, persoas sen DNI/NIE ou persoas sen exercicio profesional ou laboral en España desde a súa chegada ao país) será obrigatoria que se presente unha declaración xurada que deberá vir asinada polos proxenitores afectados por esta circunstancia. Cada proxenitor deberá facer constar os seus ingresos obtidos nos últimos doce meses, así como a súa procedencia.

Xunto coa declaración xurada deberá achegar a súa vida laboral e, no caso de traballar en España, copia de:

- As nóminas dos últimos seis meses anteriores a data da solicitude, no caso de traballadores por conta allea.
- As declaracións tributarias trimestrais relativas ao período anterior, no caso de traballo por conta propia.

6. Certificado académico das cualificacións correspondentes a 4º da ESO do curso académico 2024-2025.

No caso dos centros concertados, as certificacións correspondentes á educación secundaria obrigatoria serán asinadas pola dirección do centro docente, co visto e praxe da inspección educativa.

O alumnado que cursase o ano académico 2024/25 fóra de Galicia deberá achegar a homologación da certificación orixinal na que conste a nota media do expediente do curso 2024/25, así como as cualificacións numéricas de todas as materias cursadas.

7. Certificado de matrícula do curso 2025-2026, no que conste o nome da persoa solicitante, os datos do centro e o curso no que estea matriculada

8. Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa beneficiaria está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

9. Documentación acreditativa de circunstancias sociofamiliares, de ser o caso

- A situación de discapacidade da persoa solicitante acreditarase co certificado expedido pola Xunta de Galicia ou organismo oficial competente na materia do grao de discapacidade, no caso de que non se autorice a consulta ou esta non sexa posible.
- A situación de violencia de xénero acreditarase a través de calquera dos medios que permite o art.5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, cun documento acreditativo en vigor ou expedido nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude, dos seguinte sinalados pola Lei:
 1. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 2. Resolución xudicial de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei antedita.
 3. Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
 4. Informe do Ministerio Fiscal no que se indique a existencia de indicios de violencia.
 5. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- No caso das persoas solicitantes que se atopan en situación de acollemento familiar será necesario presentar copia da resolución administrativa ou xudicial que acredite esta circunstancia.
- A situación de familia numerosa acreditarase presentando copia do título de familia numerosa, no caso de que non se autorice a consulta ou esta non sexa posible.
- A situación de pertenza a unha familia coa condición de monoparentalidade acreditarase coa presentación do certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia da Xunta de Galicia ou a que se considere competente neste caso.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente, tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria.

No caso de que a Unidade Xestora detecte calquera deficiencia referida á solicitude ou documentación achegada, realizará requirimento ao solicitante para que a emende a través da plataforma Subtel, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas.

Base 7. Compromisos e obrigas

As persoas beneficiarias deberán cumprir, os seguintes compromisos e obrigas:

- A familia da persoa beneficiaria da bolsa deberá cumprir coa normativa legal con respecto á saída dos menores ao estranxeiro.
- As persoas beneficiarias están obrigadas a participar en cantas reunións sexan convocadas.
- As persoas que necesiten visado para a realización da estadía na República de Irlanda deberán de dispoñer del polo menos cunha antelación mínima de 15 días previos á viaxe. A tramitación do visado será responsabilidade exclusiva da persoa solicitante.

O incumprimento destas obrigas implicará a exclusión do programa, logo da correspondente resolución motivada do órgano competente.

Base 8. Valoración das solicitudes

A valoración das solicitudes presentadas farase sobre a base da documentación que as persoas solicitantes acheguen e da que se incorpore ao expediente como resultado da consulta de datos entre administracións. A Deputación resérvase a potestade de requirir calquera outra documentación para acreditar os feitos alegados e a comprobación da puntuación obtida.

Serán seleccionadas as persoas solicitantes que obteñan maior puntuación coa suma das obtidas nos seguintes bloques:

- A. Cualificación media en 4º curso da ESO.
- B. Cualificación final da materia de lingua estranxeira (inglés) en 4º curso da ESO.
- C. Situación económica da unidade familiar nuclear.
- D. Situación sociofamiliar

Nos casos de empate nas puntuacións obtidas, establécense como medidas de desempate os seguintes criterios de baremación:

1. Menores ingresos na renda familiar
2. Maior nota obtida na media de 4º curso da ESO
3. Maior nota obtida no idioma inglés en 4º curso da ESO
4. No caso de persistir os empates dentro de cada grupo, resolverase por sorteo.

8.1 Criterios de valoración

A) Cualificación media en 4º curso da ESO. Ata 5 puntos

Obterase unha puntuación de 0,10 por cada 0,10 adicional respecto da cualificación de 5 puntos tal como se reflicte na táboa seguinte

Cualificación	Puntos
5.1	0.1
5.2	0.2
5.3	0.3
5.4	0.4
5.5	0.5
5.6	0.6
5.7	0.7
5.8	0.8
5.9	0.9
6	1

Cualificación	Puntos
7.6	2.6
7.7	2.7
7.8	2.8
7.9	2.9
8	3
8.1	3.1
8.2	3.2
8.3	3.3
8.4	3.4
8.5	3.5

Cualificación	Puntos
6.1	1.1
6.2	1.2
6.3	1.3
6.4	1.4
6.5	1.5
6.6	1.6
6.7	1.7
6.8	1.8
6.9	1.9
7	2
7.1	2.1
7.2	2.2
7.3	2.3
7.4	2.4
7.5	2.5

Cualificación	Puntos
8.6	3.6
8.7	3.7
8.8	3.8
8.9	3.9
9	4
9.1	4.1
9.2	4.2
9.3	4.3
9.4	4.4
9.5	4.5
9.6	4.6
9.7	4.7
9.8	4.8
9.9	4.9
10	5

B. Cualificación final da materia de lingua estranxeira (inglés) en 4º curso da ESO. Ata 5 puntos.

Tendo en conta o requisito “Contar no curso de 4º da ESO cunha cualificación de 6 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira (inglés), obtérase a puntuación de conformidade co previsto na táboa seguinte:

Cualificación	Puntos
6.1	0.12
6.2	0.25
6.3	0.37
6.4	0.5
6.5	0.62
6.6	0.75
6.7	0.88
6.8	1
6.9	1.13
7	1.25
7.1	1.37
7.2	1.5
7.3	1.62
7.4	1.75
7.5	1.88
7.6	2
7.7	2.12
7.8	2.25
7.9	2.38
8	2.5

Cualificación	Puntos
8.1	2.62
8.2	2.75
8.3	2.88
8.4	3
8.5	3.12
8.6	3.25
8.7	3.37
8.8	3.5
8.9	3.63
9	3.75
9.1	3.87
9.2	4
9.3	4.13
9.4	4.25
9.5	4.38
9.6	4.5
9.7	4.62
9.8	4.75
9.9	4.88
10	5

C. Situación económica da unidade familiar nuclear. Ata 10 puntos.

Na valoración das solicitudes atenderase ao concepto de unidade familiar nuclear, entendendo por tal a composta, no momento da solicitude, polas seguintes persoas: a persoa solicitante, os seus irmáns/irmás solteiros/as menores de 25 anos ou maiores de idade con discapacidade ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, que convivan no mesmo domicilio e as persoas proxenitoras que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela.

O cálculo da situación económica virá determinado pola renda anual da unidade familiar nuclear, que se obterá da suma dos ingresos dos proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a tutela, conforme as seguintes circunstancias:

- a) No caso de que a custodia da persoa solicitante (alumna/o) sexa compartida por ambas persoas proxenitoras, serán obxecto de valoración os seus ingresos, computándose aos dous como membros da unidade familiar nuclear.
- b) No caso de que a custodia da persoa solicitante (alumna/o) sexa en exclusiva, serán obxecto de valoración os ingresos do proxenitor custodio, engadíndose as contías das pensións alimenticias, aprobadas xudicialmente, de ser o caso. As ditas pensións actualizaranse segundo o indicado nas resolucións xudiciais correspondentes.
- c) No caso de que a proxenitora acredite unha situación de violencia de xénero por calquera dos medios do art. 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, mediante un documento acreditativo en vigor ou expedido nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude, non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda da unidade familiar nuclear.
- d) Nos casos en que as medidas paterno-filiais establezan a custodia compartida para ambas persoas proxenitoras, pero sexa exercida só por unha delas, serán obxecto de valoración só os ingresos da persoa proxenitora que convive coa persoa solicitante.
- e) Nos casos de incumprimento das obrigas do pagamento das pensións alimenticias nas custodias en exclusiva, computaranse só os ingresos do proxenitor custodio

Para o cálculo da renda anual da unidade familiar nuclear atenderase a:

- a) A declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio fiscal 2024 (Modelo D-100 do IRPF).
Con carácter xeral, sumaranse os importes dos recadros correspondentes á base imponible xeral e á base imponible do aforro do exercicio presentado a efectos de valoración e restarase a cota resultante de autoliquidación (recadros 435, 460 e 595, respectivamente). En todo caso, consultarase o documento íntegro da declaración do IRPF naqueles casos nos que resulte necesario para resolver as posibles dúbidas na valoración da renda, nomeadamente nos casos en que a consulta de datos de nivel de renda coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, AEAT) devolva datos incompletos ou contraditorios.
No caso de que a declaración do Imposto da Renda das Persoas Físicas presentada a efectos de valoración fose na modalidade conxunta para os proxenitores, pero, da configuración actual da unidade familiar nuclear, resulte computable unha única persoa proxenitora, computaranse ao 50% a totalidade da renda declarada no dito exercicio económico.
- b) No caso de que as persoas non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF, consultarase o certificado de imputación de rendas do exercicio económico a efectos de valoración. Para estes efectos, sumaranse os ingresos dos rendementos do traballo, do capital mobiliario e as ganancias e perdas patrimoniais suxeitas a retención, ao que se lle restarán os gastos deducibles do traballo no devandito período.
- c) As pensións de alimentos actuais establecidas nas resolucións xudiciais en relación co/coa menor solicitante. As ditas pensións non computarán nos casos de falta de pagamento sempre que se solicitase a execución do título xudicial.
- d) Excepcionalmente, no caso de que non sexa posible a obtención de datos sobre os ingresos, por non constar de alta a persoa no Censo de Contribuíntes da AEAT no exercicio de renda presentado a efectos de valoración, teranse en conta os ingresos que se deduzan da declaración xurada, da vida laboral e do resto da documentación presentada.
- e) No caso de que, logo de realizar a consulta previamente autorizada, a AEAT non facilite os datos económicos das persoas interesadas, por existir incidencias pendentes de resolver coa súa declaración, requiriráselle á persoa interesada para que achegue unha copia da documentación necesaria que permita comprobar a súa situación económica consonte o sinalado neste apartado.

Logo de determinar a renda anual da unidade familiar, aplicarase o seguinte baremo, atendendo ao número de persoas computables da unidade familiar nuclear.

PUNTOS	Renda anual unidade familiar nuclear de 2 MEMBROS	Renda anual unidade familiar nuclear de 3 MEMBROS	Renda anual unidade familiar nuclear de 4 MEMBROS	Renda anual unidade familiar nuclear de 5 ou máis MEMBROS
10	Ata 13.440,00 €	Ata 17.640,00 €	Ata 21.000,00 €	Ata 23.520,00 €
9	13.441,00 € - 16.940,00 €	17.641,00 € - 22.140,00 €	21.001,00 € - 26.501,00 €	23.521,00 € - 29.521,00 €
8	16.941,00 € - 20.440,00 €	22.141,00 € - 26.640,00 €	26.502,00 € - 32.002,00 €	29.522,00 € - 35.522,00 €
7	20.441,00 € - 23.940,00 €	26.641,00 € - 31.140,00 €	32.003,00 € - 37.503,00 €	35.523,00 € - 41.523,00 €
6	23.941,00 € - 27.440,00 €	31.141,00 € - 35.640,00 €	37.504,00 € - 43.004,00 €	41.524,00 € - 47.524,00 €
5	27.441,00 € - 30.940,00 €	35.641,00 € - 40.140,00 €	43.005,00 € - 48.505,00 €	47.525,00 € - 53.525,00 €
4	30.941,00 € - 34.440,00 €	40.141,00 € - 44.640,00 €	48.506,00 € - 54.006,00 €	53.526,00 € - 59.526,00 €
3	34.441,00 € - 37.940,00 €	44.641,00 € - 49.140,00 €	54.007,00 € - 59.507,00 €	59.527,00 € - 65.527,00 €
2	37.941,00 € - 41.440,00 €	49.141,00 € - 53.640,00 €	59.508,00 € - 65.008,00 €	65.528,00 € - 71.528,00 €
1	44.441,00 € - 44.940,00 €	53.641,00 € - 58.140,00 €	65.009,00 € - 70.509,00 €	71.529,00 € - 77.529,00 €
0	> 44.941,00 €	>58.141,00 €	>70.510,00 €	>77.530,00 €

A falta de xustificación das circunstancias que permitan determinar a renda anual familiar que corresponda, motivará a non asignación de puntuación neste apartado

D. Situación sociofamiliar. Máximo 5 puntos.

Atenderase ás seguintes circunstancias sociofamiliares recollidas na seguinte táboa:

Situación sociofamiliar	Puntos
Discapacidade do alumno/a solicitante	1 punto
Alumno/a solicitante pertencente a Familia numerosa legalmente recoñecida	1 punto
Violencia de xénero da proxenitora	1 punto
Situación de acollemento familiar do alumno/a solicitante	1 punto
Alumno/a solicitante pertencente a unha familia coa condición de monoparentalidade	1 punto

Base 9. Procedemento de concesión

Tras a finalización do prazo de presentación de solicitudes, a Unidade Xestora, como responsable da instrución do procedemento, revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento de todos os requisitos, así como a presentación da documentación de carácter preceptiva establecida na convocatoria.

A Unidade Xestora realizará unha proposta de concesión na que constarán as seguintes listaxes:

- O alumnado seleccionado, sinalando as puntuacións acadadas
- O alumnado que, cumprindo os requisitos, non acada o número de orde que lles permita participar no programa por exceder do número de prazas. Este alumnado constituirá a listaxe de agarda.
- O alumnado que non cumpre cos requisitos para participar no programa, con expresión sucinta da causa da súa exclusión

A proposta de concesión que formule a Unidade Xestora será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Fiscalización.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional que lles será notificada ás persoas interesadas mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, concedéndose un prazo de 10 días hábiles no que poderán desistir da solicitude ou presentar alegacións, sen que poida realizarse nesta fase do procedemento a emenda da documentación requirida anteriormente se non se atendeu ao requirimento, nin tampouco achegar en fase de alegacións nova documentación que non obrase xa no expediente e dea lugar a un cambio da puntuación inicial.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da persoa bolseira proposta fronte á Deputación mentres esta non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

No caso de non formular desistencia expresa ou alegacións, a bolsa considerarase aceptada tacitamente.

No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva, a cal será dada a coñecer mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A concesión definitiva da bolsa quedará condicionada:

- Á adxudicación e formalización do contrato de xestión do programa cunha empresa especializada.
- Ás posibles restricións ou esixencia de requisitos que impidan o desenvolvemento do programa ou aconsellen, por motivos de saúde pública e de protección dos menores, a súa suspensión.
- Ao cumprimento dos requisitos esixidos polas autoridades do país de destino para participar no programa de intercambio (referidos a: estado de saúde, nivel de inglés...) da persoa seleccionada, así como á concesión do visado correspondente, no caso de que fora necesario.
- Á existencia dun centro educativo que permita a inclusión en igualdade de condicións que o resto dos participantes, do alumnado con diversidade funcional solicitante da bolsa.

A Deputación resérvase o dereito a non resolver o procedemento establecido nestas bases se, na súa tramitación, se dan algunhas das condicións sinaladas que impidan o seu desenvolvemento.

A adquisición de dereitos da persoa beneficiaria da bolsa queda, polo tanto, condicionada polo sinalado nos parágrafos anteriores sen que dea lugar, no caso de que se dea algunha destas circunstancias, a indemnización de ningún tipo por parte da Deputación.

Contra a resolución de concesión definitiva, poderán ser interpostos, con carácter potestativo, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición, perante o presidente da Deputación Provincial, no prazo dun mes.
- Recurso contencioso administrativo, perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses.

Ambos os dous prazos contaranse dende o día seguinte ao da publicación da concesión definitiva, no Boletín Oficial da Provincia. A presentación dos recursos sinalados non poderá facerse con carácter simultáneo.

A concesión será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Base 10.- Incumprimentos

10.1 Causas de reintegro

Serán causas de reintegro, de conformidade co artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes

- A renuncia ou o abandono do programa sen unha causa grave debidamente xustificada. Unicamente entenderase que concorre unha causa grave xustificada que poida dar lugar á condonación da obriga de reintegro naqueles supostos de problemas severos de saúde sobrevidos ou outros de forza maior (acontecementos imprevisibles, inevitables, insuperables, irresistibles).
- Non presentarse no punto de saída sinalado para o inicio da viaxe sen unha causa grave debidamente xustificada.
- Non posuír a documentación necesaria para a realización da viaxe, para o alumnado participante.
- A obtención da axuda falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedirían.
- A expulsión do programa
- Ter concedida outra bolsa para o mesmo obxecto no mesmo ano da convocatoria por parte de calquera entidade ou persoa, pública ou privada.

Para os efectos de reintegro, e no caso de incumprimento das condicións establecidas nas presentes bases, considerarase como importe da subvención a reintegrar o valor íntegro da praza asignada, correspondente ao prezo individual establecido no contrato.

10.2 Expulsión ou abandono durante a realización da actividade

Un comportamento non apropiado poderá supoñer a expulsión deste programa e o final da estada por causas de igual ou similar natureza ás seguintes:

- De ser o caso, o incumprimento das leis do país de destino.
- Incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento da actividade.

- Consumo de alcohol e/ou de substancias ilegais.
- Automedicación sen autorización médica.
- Conductas disruptivas.
- Comportamentos contrarios ás normas de convivencia nos diferentes eidos no centro de residencia.

A expulsión do programa suporá o pagamento da viaxe de regreso e do custo total do programa, así como, de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados das ditas condutas, sen prexuízo da obriga de reintegrar o importe correspondente da axuda concedida.

No caso de que a persoa participante decidise, pola súa libre iniciativa, abandonar o programa antes da súa finalización, o custe íntegro da viaxe de regreso será responsabilidade da súa familia, sen prexuízo da obriga de reintegrar o importe correspondente da axuda concedida, salvo causa maior.

Tanto no caso de expulsión como de abandono do programa, o contratista deberá prestarlle o apoio necesario para garantir a súa seguridade durante a viaxe de retorno

Base 11. Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no desenvolvemento das actividades.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.
- Publicacións para dar a coñecer a actividade.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPD pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Base 12. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

A Coruña, 14 de xaneiro de 2026

Presidente da Deputación Provincial da Coruña

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

A secretaria xeral en funcións

PAULA MARÍA VÁZQUEZ CARRASCO

2026/189